

MOSTRA INTERNACIONAL
DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO
DE LANGAS 31^a ED

27 xuño - 6 xullo 2014

CRÉDITOS

Organiza:

A.C. Xiria

Concello de Cangas

Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

Ningures Producción

Patrocina:

Concello de Cangas

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e

Ordenación Universitaria

AGADIC

Frigoríficos del Morrazo

Deputación de Pontevedra

Deseño cartel e portada:

Pancho Lapeña

Deseño programa:

Diego Seixo, Human Soft

Edita:

Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, 2014.

XXXI EDICIÓN



MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
CÓMICO
E FESTIVO
DE CANGAS

31 anos despois daquel 1984 no que un inesquecible equipo de persoas, xuntando humor, festa e teatro, tiveron a xiria de crear a Mostra Internacional de Teatro Cómico Festivo en Cangas, podemos afirmar que esta festa anual do teatro está tan integrada na vida das cidadás e cidadáns da vila coma o mesmo mar que a rodea.

31 anos de teatro, humor e amor trouxéronos ata aquí.

Longa vida pois ao teatro, única arte que para existir precisa dun rigoroso directo no que o encontro entre actores e público crea un máxico espazo de relación, tan intanxible como real.

Benvidos artistas, técnicos e público, porque sen todos vos esta XXXI MITCF non sería posible.

VENDA DE LOCALIDADES

1. VENDA DE ABONOS

<http://taquilla.servinova.com>

Tfno.: 902 504 500

Do 28 ao 20 de xuño de 2014.

Prezo do abono: 42€

A adquisición do abono ten as seguintes vantaxes:

1. Desconto de 22€ sobre o prezo das entradas en taquilla.
2. Garantiza a entrada sen colas en taquilla para todos os espectáculos.
3. Permite elixir as butacas mellor situadas, o beneficiario do abono disporá da mesma butaca durante toda a Mostra.

Espectáculos incluídos no abono:

27 Xuño: EME2 PRODUCCIÓNS **"MEU BEN"**

28 Xuño: LA TÍPICA EN LEVE ASCENSO **"COMO POR UN TUBO"**

29 Xuño: GRAPPA TEATRE **"CLOCHARD"**

2 Xullo: NINGURES PRODUCCIÓN **"O OGROCHO"**

3 Xullo: COMPAÑÍA BARCO PIRATA **"TEMPESTAD"**

4 Xullo: COMPAÑÍA DANZA SOL PICÓ **"ONE-HIT WONDERS"**

5 de Xullo: COMPANHÍA DO CHAPITÔ **"MACBETH"**

6 de Xullo: CHÉVERE **"ULTRANOITE NO PAÍS DO ANANOS"**

*Todos os espectáculos incluídos neste abono representaranse no **Auditorio Municipal de Cangas ás 22:30 horas.**

2. VENDA ANTICIPADA DE ENTRADAS PARA OS ESPECTÁCULOS

A partires do 21 de xuño ata o día anterior do comezo de cada espectáculo.

Prezo: 6€ (Agás o 2 de Xuño: adultos: 6€, nenas e nenos: 3€)

3. VENDA DE ENTRADAS O DÍA DA FUNCIÓN

Despacho no Auditorio, desde 2 horas antes do comezo da función.

Prezo: 8€ (Agás o 2 de Xuño: adultos: 8€, nenas e nenos: 3€)

Carné Xove: 6€

4. ESPAZOS ALTERNATIVOS

SALASÓN: 5€

CAPELA DO HOSPITAL: "VULTO" DE IBUPROFENO TEATRO: 3€

AUDITORIO MUNICIPAL

Venres, 27 de Xuño, 22:30h.

Pregón da XXXI Edición da Mostra

ANDRÉS LIMA

Venres, 27 de Xuño, 22:30h.

“MEU BEN”

EME2 PRODUCCIÓN

Sábado, 28 de Xuño, 22:30h.

“COMO POR UN TUBO”

LA TÍPICA EN LEVE ASCENSO

Domingo, 29 de Xuño, 22:30h.

“CLOCHARD”

GRAPPA TEATRO

Mércores, 2 de Xullo, 22:30h.

“O OGROCHO”

NINGURES PRODUCCIÓN (coproduce MITCFC)

Xoves, 3 de Xullo, 22:30h.

“TEMPESTAD”

BARCO PIRATA

Venres, 4 de Xullo, 22:30h.

“ONE HIT WONDERS”

COMPAÑÍA DE DANZA SOL PICÓ

Sábado, 5 de Xullo, 22:30h.

“MACBETH”

COMPANHÍA DO CHAPITÔ

Domingo, 6 de Xullo, 22:30h.

“ULTRANOITE NO PAIS DOS ANANOS”

CHÉVERE

MEU BEN

EME2 PRODUCIÓNS (GALICIA)

Venres, 27 Xuño, 22:30

AUDITORIO MUNICIPAL



Autora: Elaine Murphy.

Dirección: Álvaro Lavin.

Intérpretes: Mercedes Castro, Elina Luaces e Rocío González.

Distribución: Julio Perugorría.

Amor, sexo, vida, morte e clases de salsa. Tres xeracións de mulleres. Un ano extraordinario.

Amber vive sen preocupacións, acaba de saír do instituto, está no mellor da vida, mocea cun tal Paul e anda de festa rachada... ata que sofre unha molesta "indixestión".

A súa nai Lorraine ataca un cliente no traballo polo que ten que visitar un "médico da cabeza" que lle receita facer algo bo para ela mesma unha vez por semana: é hora de se apuntar a clases de salsa!

A avoa Kay, pola súa banda, tenta sentirse viva nos frustrantes sesenta mentres coida do seu marido enfermo. Tres xeracións de mulleres de clase media contan a historia de un ano extraordinario.

COMO POR UN TUBO. Comitraxedia Radiofónica

LA TÍPICA EN LEVE ASCENSO (ARGENTINA)

Sábado, 28 Xuño, 22:30

AUDITORIO MUNICIPAL, ESTREA EN GALICIA



Miguel Ángel Solá: Dirección, textos, música, actuación, canto, guitarra, caixón, voces.

Graciela Baquero: Textos, actuación, canto, voces, produción, dirección.

Daniel Giménez: Canto, guitarra, caixón, iluminación, escenografía, produción, dirección.

Enrique Quintanilla: Actuación, canto, voces varias, escenografía, dirección.

Néstor Ballesteros: Piano, acordeón, canto, caixón, interpretación, dirección, escenografía.

Aitana López: Operadora de audio e iluminación.

Néstor Blanco: Operador de son.

Agustín Lastra: Produción executiva.

A acción desenvólvese en Buenos Aires (1954) no marco dun Radioteatro, xénero de moda nesa época, onde un grupo de actores, músicos, locutores e sonidistas, dan vida a un texto que narra as peripecias dun tal Alberto Carlos Bustos (municipal e paxaro), que decide pecharse na súa casa a morrer de amor despois ser abandonado por Clara Better, a súa noiva da alma...

CLOCHARD

GRAPPA TEATRO (CATALUÑA)

Domingo, 29 Xuño, 22:30

AUDITORIO MUNICIPAL, ESTREA EN GALICIA



Actores: Gilbert Bosch, Teresa Ros.

Dirección: Paco Mir.

Banda sonora: la Clua.

Iluminación: Álex Felip.

Son: Montse Lila.

Clochard narra a historia dos encontros entre dous personaxes típicos dunha gran cidade, unha descoidada vagabunda e un meticuloso executivo, no medio dun espazo tan neutral como un banco de calquera parque urbano. Día a día, semana a semana, estes dous mundos antagónicos van achegándose ata atopar puntos en común das súas vidas.

O OGRCHO

NINGURES PRODUCCIÓN (GALICIA), coproduce MITCFC

Mércores, 02 Xullo, 22:30

AUDITORIO MUNICIPAL, ESTREA (todos os públicos)



Autora: Suzanne Lebeau

Tradución: Henrique Harguindey

Nai: María Salgueiro

Ogrocho: Lois Soaxe

Composición e arranxos musicais: Anxo Graña

Intérpretes música: Pablo Souto, Anxo Graña, M^a Salgueiro

Técnico de iluminación: Héctor Pazos

Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"

Deseño gráfico e fotografía: Diego Seixo

Vídeo: Deica Audiovisual

Vestiario: Chui Blanco Salgueiro

Deseño iluminación: Salvador Del Río

Coreografía: Olga Cameselle "Lez"

Dirección: Salvador Del Río

Esta é a historia dun pequeno ogro que vive só coa súa nai nunha casa no medio dun tupido bosque, apartado da comunidade. O día en que empeza a ir á escola e ve a outros nenos descobre as súas diferenzas: é o fillo dun ogro que a súa nai amou de forma apaixonada.

TEMPESTAD

BARCO PIRATA (MADRID)

Xoves, 03 Xullo, 22:30

AUDITORIO MUNICIPAL, ESTREA EN GALICIA



Dirección e Adaptación: Sergio Peris-Mencheta.

Intérpretes: Victor Duplá, Quique Fernández, Antonio Galeano, Pepe Lorente, Xabier Murúa, Eduardo Ruíz, Agustín Sasián, Javier Tolosa.

A compañía “Barco Pirata” desembarca ao público, como se de náufragos se tratase, nunha illa deserta pero chea de trasnos, fadas e monstros para, de paso, reflexionar sobre os recunchos e a procura do poder e a súa ostentación. E é que, baixo o manto divertido e imaxinativo co que se presenta a obra desde un principio, hai moito máis, xa que Shakespeare non desaproveita a ocasión para analizar a alma humana. 5 actores e 3 músicos darán vida a máis de 20 personaxes, como se dun malabarismo circense se tratase. Amor, poder, escravitude e perdón que vence á vinganza, son os ingredientes básicos desta peza na que Peris-Mencheta aposta por darlle certo aire moderno e ata cinematográfico apoiándose nalgunhas proxeccións audiovisuais e na que a música en directo xoga un papel fundamental para acompañar a acción.

ONE HIT WONDERS
COMPAÑÍA DE DANZA SOL PICÓ (CATALUÑA)
Venres, 04 Xullo, 22:30
AUDITORIO MUNICIPAL, ESTREA EN GALICIA



Dirección: Sol Picó e Ernesto Collado.
Coreógrafa e bailarina: Sol Picó.
Escenografía, xefe técnico, actor: Joan Manrique.
Deseño de iluminación e técnica de luz: Sylvia Kuchinow.
Vestuario: Valeria Civil.
Fotografía: Rojobarcelona.
Produción, Manager, Distribución: Pia Mazuela.
Axudante de produción e comunicación: Núria Aguiló.

Con motivo da celebración do 20 aniversario da compañía, Sol Picó quere facer unha pequena revisión dos momentos álxidos da súa carreira presentando un solo construído con pezas emblemáticas das obras máis representativas da súa traxectoria. O resultado é unha festa e como tal non faltarán nin o viño, nin o xamón para todos. O espectáculo preséntase como unha celebración do cotiá na vida dun artista, dos lugares comúns polos que todos os artistas transitan.

MACBETH

COMPANHÍA DO CHAPITÔ (PORTUGAL)

Sábado, 05 Xullo, 22:30

AUDITORIO MUNICIPAL, ESTREA EN GALICIA



Director: John Mowat.

Interpretación: Jorge Cruz, Ricardo Peres e Tiago Viegas.

Producción: Tânia Melo Rodrigues.

Técnico de Luz: Samuel Rodrigues.

Deseño Gráfico: Sílvio Rosado.

Fotografía: Sílvio Rosado, Simão Anahory e Susana Chicó

Unha traxedia de William Shakespeare inadaptada pola
Compañía do Chapitô.

Qué oculta un kilt?

Barón?

Pois Barón dúas veces!!

Faino Rei!

Cómo?

Detrás dun gran home...

Unha Lady?

Será el capaz?

Sí... eles fan todo... ata cavar o seu propio destino!

Cren nas Meigas?

Pero qué ten que ver isto co Kilt?

Xa verán! Érase unha vez un Rei ...

ULTRANOITE NO PAIS DOS ANANOS

CHÉVERE (GALICIA)

Domingo, 06 Xullo, 22:30

AUDITORIO MUNICIPAL



En escena: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Mónica García, Arantza Villar, César Goldi, Xron, Xacobe Martínez Antelo, Max Gómez, Manuel Cebrián.

Música orixinal: Xacobe Martínez Antelo.

Textos e letras cancións: Manuel Cortés.

Escenografía, roupas: Carlos Alonso.

Iluminación: Fidel Vázquez.

Son: Xurxo Pinheiro.

Deseño gráfico: Fausto isorna.

Comunicación: Xana García.

Fotografía: Matteo Bertolino.

Produción: Patricia de Lorenzo, Xesús Ron.

Producido co apoio de Agadic e Concello de Teo.

En xaneiro de 1993 empezaron a facerse as Ultranoites na Nasa, ao mesmo tempo que a Xunta de Galicia inventaba un alter ego para incorporarse ao futuro, o Xacobeo, surfeando sobre a marea de subvencións que chegaban da Unión Europea. A Galicia xacobeo e a Ultranoite medraron en paralelo sen cruzar nunca os seus camiños...

TEATRO NA RÚA

Venres, 27 de Xuño, 20:30h.

Pasarrúas, saída dende o AUDITORIO MUNICIPAL

“VELOCÍCLOPES” CÍA. FANTOCHES BOJ

Sábado, 28 de Xuño PRAZA DAS PONTES

Domingo, 29 de Xuño ALAMEDA VELLA

Pases de 12:00 a 14:00 e de 19:30 a 21:30h.

“LA SEÑORITA LUPIERRE” CÍA. MIGUELILLO

Martes, 1 de Xullo, 20:30h. PRAZA DAS PONTES

Mércores, 2 de Xullo, 20:30h. CRUCEIRO DE HÍO

Xoves 3 DE Xullo, 20:30h. ALAMEDA DE ALDÁN

“PEOR IMPOSIBLE” PETER PUNK

Mércores 2 e Xoves 3 de Xullo, 20:30h. PRAZA DAS PONTES

“LEDICIAS” O MAGO PACO

Venres, 4 de Xullo, 20:30h. XARDÍNS DO SINAL

“VAYA CIRCO” COMPAÑÍA KANBAHIOTA

Sábado, 5 de Xullo, 20:30h. PRAZA DAS PONTES

“OLIVIA NECESITA VERÁN”

ÁNXELA BLANCO E FABIANA CORRÊA

VELOCÍCLOPES

COMPAÑÍA FANTOCHES BOJ (GALICIA)

Venres, 27 Xuño, 20:30

Pasarrúas, saída dende o AUDITORIO MUNICIPAL



Texto orixinal: Roberto Espina.

Dirección e adaptación: Inacio Vilaríño.

Produción: Fantoches Boj.

Actores: Inacio Vilaríño e Luís Iglesias (Luchi).

Escenografía: Inacio Vilaríño e Luís Iglesias (Luchi).

Vestiario e atrezzo: María Chenut.

Fotografía: M.J. Méijome, Teresa Rodríguez e Geli Astorgano.

Música: Popular.

Distribución: Urdime.

Duración: 60 minutos.

Público: Público familiar.

Técnica: Clown.

Velocíclopes está constituído por cabezudos motorizados de aparencia ambigua, que poden semellar zapatos xigantes, cíclopes, automóviles... As múltiples posibilidades que ofrece a motorización dos cabezudos, manipulados por personaxes clownescas, fai que nos atopemos perante un espectáculo sorprendente, áxil e de grande interrelación co público.

LA SEÑORITA LUPIERRE

COMPAÑÍA MIGUELILLO (CASTILLA-LEÓN)

Sábado 28 PRAZA DAS PONTES · Domingo 29 ALAMEDA VELLA

Pases de 12:00 a 14:00 e de 19:30 a 21:30 · ESTREA EN GALICIA



Creación: Miguelillo.

Elenco: Miguelillo, Lupierre, Acordeonista.

Técnica teatral: Maxia.

Duración: 20 minutos.

Público recomendado: Maiores de 4 anos.

Tres personaxes cheos de amor e maxia interactúan de xeito harmónico para conseguir recrear unha desas atmósferas pertencentes a outros tempos onde a proximidade e o misterio fanse presentes a cada pouco.

Trátase dunha vella historia contada con continuas chiscádelas á actualidade, onde a importancia non radica soamente no efecto máxico da clásica cabeza parlante, senón, na atmosfera á que se transporta a cada espectador unha vez é pechada a porta.

Un novo concepto de espectáculo, que se desenvolve no interior dunha vella caravana con música en directo. Tan só 12 persoas terán a sorte ou desgraza de gozar en directo desta bela historia.

PEOR IMPOSIBLE

PETER PUNK (GALICIA)

Martes 1 PRAZA DAS PONTES · Mércores 2 CRUCEIRO DE HÍO

Xoves 3 ALAMEDA DE ALDÁN · Pases ás 20:30



Autor: Isaac Rodríguez Miranda.

Dirección: Walter Velázquez.

Escenografía e vestuario: Peter Punk.

Música e deseño de son: Brais Gutiérrez.

Duración: 50 minutos.

Idades: De 0 anos a cadea perpetúa.

Peor imposible é un espectáculo que reflicte a situación actual da cidadanía: Peor Imposible... ou case. Peter Punk logo de triunfar en Galicia, España e xiras por Brasil, Italia, Palestina, Portugal e exóticas illas, pensaba que xa todo ía ser doado na súa carreira e que xa estaba lanzado en pos do éxito. Nada diso era certo. A través dun cúmulo de fracasos, Peter Punk amósanos a crúa realidade. Números falidos e desastres que provocarán a hilaridade do público, intentos de equilibrios con paraugas, cadeiras, persoas... e o incrible percorrido da morte, serán os números fortes dun espectáculo no que Peter Punk volta en estado puro para intentar crear fermosas imaxes asociadas ao seu humor rebelde intentando resolver situacións imposibles.

LEDICIAS: MAXIA INFANTIL

O MAGO PACO (GALICIA)

Mércores, 02 Xullo · Xoves, 03 Xullo · Pases ás 20:30

PRAZA DAS PONTES



Dirección: Francisco Otero.

Actor: O Mago Paco.

Guión: Marina López e Francisco Otero.

Escenografía: Francisco Otero.

Iluminación e Son: Marina López.

Deseño, Publicidade e Material Audiovisual: Nova Imaxe

"LEDICIAS" é un espectáculo baseado na maxia infantil, versátil, aberto e adaptado a calquera espazo de representación. Está guiado por unha peculiar personaxe "O Mago Paco" que fai de cada xogo un momento diferente, nos que @s nen@s son os verdadeiros protagonistas; creando así un espectáculo propio dunha mente infantil: alucado, ruidoso, dinámico e cheo de sorpresas.

"LEDICIAS" é un espectáculo pensado para @s nen@s, creado pol@s nen@s e no que disfruta toda a familia.

VAYA CIRCO
COMPAÑÍA KANBAHIOTA (MADRID)
Venres, 04 Xullo, 20:30
XARDÍNS DO SINAL



Elenco: Abraham Pavón, Rosina Castelli e Anselmo Lobezno.
Técnica Teatral: aéreos, aro Cyr, mástil chinés, acrobacias e Clown.

Kanbahiota significa pinchacarneiro en brasileiro, e iso mesmo é o que ven facendo esta compañía dende o 2002. O circo, o teatro, a música, a danza son as ferramentas que usan para realizar os seus espectáculos. Tres personaxes, un Circo que hai que sacar adiante sen trapecistas, malabaristas, acróbatas, equilibristas... Serán os tres personaxes os que, en clave de humor, terán que levar adiante a función superando infinidade de problemas.

OLIVIA NECESITA VERÁN

ÁNXELA BLANCO E FABIANA CORRÊA (GALICIA)

Sábado, 05 Xullo, 20:30

PRAZA DAS PONTES



Dirección e interpretación: Anxela Blanco.

Fotografía e vídeo: Fabiana Corrêa.

Vestuario: Sara Lesta.

Espazo sonoro: Mr. Krah (Iván Rodríguez).

Duración: 30 minutos.

Olivia necesita verán é unha obra de danza - teatro que fala da violencia e a tenrura dende o feminino.

Olivia necesita verán naceu das ganas de xogar á guerra ao repasar unha cicatriz calquera da memoria da miña avoa, de sentir violencia no aire, dende o poder, coma un olor penetrante en toda unha cidade e un país. Ao longo do día gravaremos o que chamamos prácticas da intimidade, onde Olivia encontra aos paseantes, capturando lugares e caras dun público que pasa a ser tamén protagonista desta proposta expandida.

TEATRO EN ESPAZOS ALTERNATIVOS

Martes, 1 de Xullo, 23:00h. SALASÓN

“AS FILLAS BRAVAS”

CHÉVERE

Xoves, 3 de Xullo, 00:30h. SALASÓN

“CON DEZ POEMAS POR BARBA”

LADO & ALDAO

Sábado, 5 de Xullo CAPELA DO HOSPITAL

Mañá: 12:00, 12:45 e 13.30h. · Tarde: 20:30, 21:15 e 22:00h.

“VULTO”


IBUPROFENO TEATRO

AS FILLAS BRAVAS

CHÉVERE (GALICIA)

Martes, 01 Xullo, 23:00

SALASÓN, ESTREA



En escena: Patricia de Lorenzo, Mónica García e Arantza Villar.

Dramaturxia e dirección: Xron.

Escrita: Manuel Cortés.

Adestramento musical: Inés Portela.

Técnica en igualdade: Raquel Piñeiro.

Comunicación: Xana García.

Producción executiva: Patricia de Lorenzo.

Produce Chévere co apoio do Concello de Teo e Agadic.

AS FILLAS BRAVAS son tres mulleres que tocan e cantan o que lles peta como antes fixeron a súa nai e a nai da súa nai, porque todas son fillas do vento, mulleres de andar a pé do toxo, orgullosas de vir de tras da silveira, cantoras dunha estirpe de voces furtivas que berran entre raposos.

CON DEZ POEMAS POR BARBA

LADO & ALDAO (GALICIA)

Xoves, 03 Xullo, 00:30

SALASÓN



Poetas e Performers: María Lado e Lucía Aldao.

Con dez poemas por barba é un cabaré lírico cheo de poesía, historias e cancións e pensado para emocionar a aqueles que odian a poesía. Música en directo, xogos, historias, momentos de reflexión pero sobre todo hai comunicación poética pura e verdadeira.

En palabras de Diego Ameixeiras: "Aldaolado están a favor de romper co estereotipo da poesía entendida como alarde ximnástico de minorías ilustradas. Xogan libremente á desmitificación, incitan ao combate expresivo. Lado e Aldao son desas poetas a rentes do chan que disparan versos para cantar vitoria entre os entullos, para que unha se convenza de que esa noite debe regresar o máis tarde posible á casa. Desas poetas que prescriben medicación entusiasta para continuar en malos pasos, desas poetas que nos obrigan a saír fóra dunha vez e sentir algo semellante á emoción do dianteiro suplente que marca o gol decisivo".

VULTO

IBUPROFENO TEATRO (GALICIA)

Sábado, 05 Xullo, Pases: 12:00, 12:45, 13.30, 20:30, 21:15, 22:00

CAPELA DO HOSPITAL



Unha creación de Marián Bañobre e Diego Seixo.

Interpretada por Marián Bañobre.

Espazo sonoro e visual: Diego Seixo.

Música: Quito.

Colabora: Santiago Cortegoso.

Duración: 15 minutos.

Marián Bañobre, dende o humor e a excepcionalidade física do estado de xestación na súa última fase, compartirá unha experiencia única e inesquecible, un emocionante xogo para os sentidos que convida á reflexión sobre a existencia e a orixe mesma do individuo, como un ser estraño e inexplicable.

ACTIVIDADES PARALELAS

27, 28 e 29 de Xuño, de 10:00 a 15:00h. CASA DA CULTURA
TALLER DE INTERPRETACIÓN ACTORAL: LA CUALIDAD

Do 30 de Xuño ao 6 de Xullo, CAPELA DO HOSPITAL
Mañá: de 12:00 a 14:00 · Tarde: de 19:30 a 21:30h.
EXPOSICIÓN: ACORDAROS DE NOSOTRAS

Luns, 30 de Xuño. ESPAZOS VARIOS (consultar ficha)
REVOLTALLO EN PEDRA

Martes, 1 e Venres, 4 de Xullo, CASA DA CULTURA
de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00h.
OBRADOIRO: REPRESENTACIÓNS DO INCONSCIENTE

Martes, 1 de Xullo, de 10:00 a 14:00h. CAPELA DO HOSPITAL
**DEBATE: NA PROCURA DE ESTRATEXIAS CREATIVAS PARA O
DESENVOLVEMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS NO MORRAZO**

2 e 3 de Xullo, de 17:00 a 21:00h. CASA DA CULTURA
OBRADOIRO: AUTOCOÑECEMENTO PARA O CAMBIO

Xoves, 3 de Xullo, 19:30h. CAPELA DO HOSPITAL
**ESPAZO LUZES: "QUÉ FACER DUNHA VEZ POR TODAS COA
CULTURA"**

Venres, 4 de Xullo, 20:30h. CAPELA DO HOSPITAL
PRESENTACIÓN RGT: "MORTE SÚBITA"

Sábado, 5 de Xullo, 20:00h. AUDITORIO MUNICIPAL
XIV XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

Sábado, 5 Xullo, 22:30h. AUDITORIO MUNICIPAL
ENTREGA DO III PREMIO MULLERES EN ACCIÓN

Domingo, 06 Xullo, 22:30h. AUDITORIO MUNICIPAL
ENTREGA DO XVIII PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

TALLER DE INTERPRETACIÓN ACTORAL: LA CUALIDAD

ANDRÉS LIMA

Do 27 ao 29 de xuño, de 10:00 a 15:00

CASA DA CULTURA (inscrición requerida)



"La Cualidad" é o nome que lle dou á ferramenta ou metodoloxía que utilizo para a dirección de actores na posta en escena dunha obra. Trátase de explorar "o esencial" do texto e aportar "o persoal" do actor. Buscando un compromiso artístico do interprete coa obra.

Andrés Lima

Actor, autor e director de escena, ANDRÉS LIMA dirixe desde hai moitos anos nos mellores teatros europeos:

Comedie Francaise de París, Stadsteater de Goteborg, Centro Dramático Nacional de Madrid, Teatro de la Zarzuela de Madrid, Teatro de La Abadía de Madrid, etc.

Director da compañía Animalario desde a súa fundación no ano 1997 ata o 2012.

Obtivo a beca para a Residencia Internacional de Escritores e Directores Emerxentes no teatro Royal Court de Londres.

No ano 2005 recibe o Premio Nacional de teatro coa súa compañía Animalario e entre os anos 2005 e 2009 recibe consecutivamente catro premios MAX como mellor director.

ACORDAROS DE NOSOTRAS

EXPOSICIÓN DE PABLO "O PASTOR"

Do 30 de Xuño ao 6 de Xullo de 12:00 a 14:00 e 19:30 a 21:30

CAPELA DO HOSPITAL



Todo é relativizado na crenza popular. Deus é bo mais o demo non é malo. Por iso, hai tantos galegos no Purgatorio. Ánimas do purgatorio, condenadas a vagar se non hai quen lles bote unha man. Somos un pobo de pecado. Mais tamén un pobo de ofrendas, de liturxias, de cultos. A idea de intercesión, de ter un coñecido, un primo na Xunta. Esa é a lóxica dos petos de ánimas. Unha xanela administrativa.

O Pastor, unha man barroca que tende á exuberancia e unha ollada bizantina que perfila un cromatismo luído, fai desta imaxinaria popular unha achega descontraída, chea de duplas significacións. Interpretacións buñuelianas de monstros bizarros. De nós mesmos.

REVOLTALLO EN PEDRA

LUNS, 30 DE XULLO

NAVES DE OJEA, 13:00h.

URBAN DANCE SHOW

BOOMBOX ESCUELA URBANA (XIMNASIO DI SOM)

XARDÍNS DO SINAL, 19:00h.

TRES COMEDIAS NUNHA

TEATRO INESTABLE DA ESCOLA XERPO

CASA DA CULTURA, 19:30h.

LA CENICIENTA (EPÍLOGO)

ASOCIACIÓN JUAN XXIII

ALAMEDA VELLA DE 20:00 A 21:30h.

Performance con intervención de artistas e escritores

A ÁRBORE DO TEATRO TEN OS SEUS FRUTOS

NO MORRAZO ENTRE BAMBALINAS

PALCO NAVES DE OJEA, 20:15h.

MUNDO DISNEY ESCOLA DE DANZA INÉS NÚÑEZ

BAILANDO A RÚA ESCOLA DE BAILE CHACHACHÁ

ADRO DA IGREXA, 21:15h.

DANZA NA RÚA

ESCOLA DE DANZA MAITE QUIÑONES

EXHIBICIÓN DE DANZA ORIENTAL

MARGA OUTEIRAL E ALUMNAS

AUDITORIO MUNICIPAL, 22:30h.

SOÑO DUNHA NOITE DE VERÁN

EMAEC

OBRADOIRO: REPRESENTACIÓN DO INCONSCIENTE

MARÍA ARBOLEDA E EQUIPO

1 e 4 de Xullo, de 10:00 a 14:00 e 16:00 a 19:00

CASA DA CULTURA (inscrición requerida)



Todos representamos roles que emerxen de nós segundo as diferentes situacións da vida: a esposa, o esposo, o pai, a nai, a amiga, o xusticeiro, a vítima, o fontaneiro, a enfermeira... en certo modo somos actores e actrices que interpretamos personaxes segundo os requirimentos de cada situación da nosa vida cotiá pasando esta a ser un gran escenario, onde se desenvolve unha obra da que somos protagonistas. Ás veces estes personaxes parecen levarse ben entre eles, o seguir unha mesma liña de comportamento. Pero noutras ocasións NON!. Preguntácheste algunha vez quen es realmente? E quen dirixe esa Obra? Quen move os fíos desas marionetas con roles aprendidos que, no mellor dos casos, fan a súa aparición no momento oportuno no escenario da túa vida salvando situacións, e no peor deles levando todo ao desastre?

DEBATE: NA PROCURA DE ESTRATEXIAS CREATIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS NO MORRAZO

Martes, 1 de Xullo, de 10 a 14.00h.

CAPELA DO HOSPITAL



Por iniciativa da Comisión Organizadora da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas e da Asociación Cultural Entre Bambalinas-RGT á que poderán sumarse cantas asociacións e persoas relacionadas coas Artes Escénicas o desexen, terá lugar un encontro no que serán presentados un proxecto, obxectivos, análise da situación e un posible diagnóstico para un mellor aproveitamento dos recursos existentes.

Téntase lograr, ao longo de varios meses, a maior participación posible de todos os axentes implicados nas Artes Escénicas do Morrazo para, entre outros propósitos, elaborar democraticamente un programa de mínimos consensuados para presentarllo aos diferentes partidos políticos que se presenten as eleccións municipais de 2015.

OBRADOIRO: AUTOCOÑECEMENTO PARA O CAMBIO

TAREIXA LEDO REGAL

2 e 3 de Xullo, de 17:00 a 21:00

CASA DA CULTURA (inscrición requerida)



MULLERES EN ACCIÓN



O obradoiro de Autocoñecemento para o cambio é unha experiencia grupal na que cada muller vai descubriendo e experimentando por si mesma, desde a súa propia vida. É, polo tanto, un espazo fundamentalmente vivencial, con exercicios moi sinxelos que se van complementando con algunha explicación teórica para dar claves de comprensión.

O obradoiro é un espazo seguro no que cada muller re-aprende a sentirse ben na súa pel, feliz e en paz coa súa vida. Favorece un proceso de reencontro de cada unha consigo mesma, co seu corpo, coas súas emocións, coa súa historia:

Aprendemos a coñecer o propio corpo e a conectar coas nosas sensacións físicas, descifrando a linguaxe corporal.

Traballamos para escoitar as propias emocións, para transformar as emocións negativas e aprender a manexar mellor a autonomía persoal.

Analizamos que comportamentos nos transmitiron como mulleres e cales son as que me conveñen para vivir con saúde.

ESPAZO LUZES

DEBATE: QUÉ FACER DUNHA VEZ POR TODAS COA CULTURA

Preambular: María Lado e Lucía Aldao

Xoves, 03 Xullo, 19:30, CAPELA DO HOSPITAL



LUZES é unha revista que naceu non para reivindicar o xornalismo en papel, senón o papel do xornalismo. Dirixida e promovida por Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro, e coordinada por Iago Martínez, sae cada mes con 132 páxinas de contidos que non veñen marcados por ningunha axenda política ou económica, senón polo que un amplo comité de redacción

considera que interesa a uns lectores comprometidos co que pasa en Galicia e no mundo máis alá dos titulares da actualidade diaria imposta, e cuns contidos elaborados por unha chea de colaboradores, agora xa máis de douscentos, que cren tanto ou máis ca nós no proxecto.

LUZES é un conxunto de apostas. Contra a crise dos medios, máis xornalismo. Se a información tende á banalización, textos en profundidade e sen menosprezar ao lector. Se os xornalistas con máis experiencia están sendo expulsados das redaccións, e os máis novos non van poder acceder a elas, aquí estamos creando un espazo profesional para eles. Se as institucións non defenden os medios en galego, os subscritores e os compradores si o farán.

Estamos a poñer en marcha ESPAZO LUZES. Un formato de encontro co público que varía segundo o lugar, o contido, e os nosos compañeiros de iniciativa.

PRESENTACIÓN RGT: MORTE SÚBITA

DANIELA ROSADO, FERNANDO SERPA E RICARDO CABAÇA

Venres, 04 Xullo, 20:30

CAPELA DO HOSPITAL

textos / 75

Morte súbita, de Ricardo Cabaça



RGT

revistagalegadeteatro

— N.º 78 —

Morte súbita é un texto de Ricardo Cabaça editado no número 78 da Revista Galega de Teatro e levado á escena pola compañía lisboeta 33 Ánimos. A actriz Daniela Rosado e o actor Fernando Serpa achegan un fragmento desta proposta que reflexiona sobre as ditaduras e as democracias actuais e mestura tempos e espazos xeográficos dentro dun espectáculo que ten como propósito estimular ao público a reflectir sobre que tempo e en que espazo está a vivir.

XIV XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

O TREN DA LIBERDADE

Sábado, 05 Xullo 2014 20:00

SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO DE CANGAS



MULLERES EN ACCIÓN



O TREN DA LIBERDADE

Da idea á acción.

BEGOÑA PIÑERO HEVIA e PILAR FERNÁNDEZ GARCÍA

Representantes da Tertulia Feminista Les Comadres & Mujeres por la Igualdad de Barrados.

YO DECIDO: O DOCUMENTAL

Presentación e preestrea mundial.

CHELO LOUREIRO

Delegada en Galicia de CIMA, Mulleres cineastas e do audiovisual e Produtora executiva de Abano Producións S.L.



MULLERES EN ACCIÓN

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN

Sábado, 05 Xullo 2014 22:30

AUDITORIO MUNICIPAL



cima

asociación
de mujeres cineastas
y de medios audiovisuales



PREMIO MULLERES EN ACCIÓN EX AEQUO A

Tertulia feminista Les Comadres & Mujeres por la igualdad de Barredos por ter ideado e organizado EL TREN DE LA LIBERTAD.

CIMA, Asociación de mujeres cineastas y de audiovisual, por haber facilitado a realización e produción do documental EL TREN DE LA LIBERTAD, rodado en Madrid e outros puntos de Europa.

XVIII PREMIO "XIRIA" AO LABOR TEATRAL

OUTORGADO A ETELVINO VÁZQUEZ

Domingo, 06 Xullo, 22:30

AUDITORIO MUNICIPAL



ETELVINO VÁZQUEZ

A Comisión organizadora da XXXI MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO de Cangas decidiu outorgar o XXVIII Premio Xiria ao Labor Teatral a ETELVINO VÁZQUEZ, pola súa traxectoria profesional como director, pedagogo, actor e dramaturgo e polo seu inquebrantable compromiso coas artes escénicas e a cultura cando os ventos políticos que sopraban non eran os máis favorables nin para o teatro nin para a sociedade en xeral.

Creemos que toda esta bagaxe fan del unha das figuras máis relevantes do teatro español contemporáneo, deixando, ademais, unha importante pegada no teatro galego.

ETELVINO VÁZQUEZ PÉREZ.

Lugones (Asturias), 1950.

Director de escena, actor, autor e pedagogo teatral.

Licenciado en Filoloxía francesa pola Universidade de Oviedo e en Arte Dramática pola Escola Superior de Arte Dramática de Sevilla.

BREVE BIOGRAFÍA PROFESIONAL

Etelvino Vázquez foi un dos máis destacados impulsores do teatro independente español, formando parte de compañías míticas como CATERVA (1968/77), MARGEN (1978/84) ou TEATRO DEL NORTE (desde 1985).

Entre o 1986 e 1996 realiza o seu labor pedagóxico no Instituto del Teatro de Asturias como profesor de interpretación. Alén de exercer como Director de Escena nas Compañías que creou, dirixe a grupos tan importantes como SURIPANTA (Estremadura) ou ATALAYA (Sevilla).

Conta cunha longuísima bagaxe pedagóxica e imparte cursos e seminarios de formación por toda a xeografía española, europea e sudamericana.

Participa activamente en diversas Sesións do ISTA que dirixe Eugenio Barba.

Os espectáculos dirixidos por el son exhibidos en dúcias de Festivais en Europa e América. >>

En Galicia dirixe unha vintena de espectáculos para TEATRO DE NINGURES, entre os que destacan: Ubu Rei, de Alfred Jarry; Tic-Tac e Círculo (Premio Max 2003), sobre as novelas de Suso de Toro; Fausto de Marlowe; Troianas, de Eurípides, Tartufo, de Molière; Misericordia, de Pérez Galdós; Bailadelas da morte ditosa, de Vidal Bolaño; Atrabile, de Laila Ripoll; Homes, Mulleres..., de María Armesto, Paula Carballeira e Santi Cortegoso ou Emigrados, de Anxos Sumai, Cándido Pazó, Sonia Torre, Suso de Toro e Xosé Manuel Pazos, que obtivo o Premio Max 2008 ao mellor texto teatral en lingua galega.



Etelvino Vázquez en escena

En 2007 publica *El tiempo inmóvil*, un libro sobre a súa práctica teatral nos últimos vinte anos.

Entre 1999 e 2010 organiza os Encuentros en el Norte que se celebran en Infiesto, os Encuentros con Mujeres en Escena, que se celebran en Lugones e o I Encuentro de Creadores de Tradiciones.

PREMIOS:

Mellor director por “Mariana Pineda” nos Premios HO! do teatro asturiano, 2013.

Mellor director por “El alma de la melodía” nos Premios HO! do teatro asturiano, 2012.

Premio Max ao mellor espectáculo en lingua galega por Círculo, 2003.

Premio Asturias de Teatro, á súa traxectoria, na II Gala del Teatro Asturiano, 2001.

Mellor Director de Teatro Profesional de Asturias na I Gala del Teatro Asturiano, 2000.

Finalista con Emigrados dos premios Maria Casares, 2008.

Finalista dos Premios Max por El viejo celoso, 2005.

Finalista dos Premios Max por El caballero de Olmedo, 2001.



Luzes aposta polo xornalismo que di as cousas como foron, non como convén

Facemos a revista Luzes todos os meses para un lector a quen lle interesan máis as historias de fondo que o ruído do día a día. ¶ Dirixida por Xosé Manuel Pereiro e Manuel Rivas e con colaboracións de Manuel Jabois, Olga Novo, Guillem Martínez, Suso de Toro, Montse Dopico, Belén Regueira, Agustín Fernández Paz, Xurxo Lobato, Ramón Chao, Alfonso Armada, Iago Martínez, Aníbal Malvar, María Yáñez, Juan Tallón, Xulio Villarino, Miguel Riopa, Henrique Mariño, Jaureguizar, Bieito Iglesias, Antón Losada e moitísimas firmas máis.

Podes botarlle un ollo e subscribirte en www.revistaluzes.com ¶ Pero lela, só en papel.

Luzes

Xornalismo que conta



www.mostrateatrocangas.org

organiza



patrocina



colabora

